

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE NOVEMBRO DE 2015

FAVORABLES

LIC/1173/2015.- JOSÉ GÓMEZ BERREDO.- Conceder a licenza para executar as obras de renovación de forxado e cuberta nunha vivenda unifamiliar sita en Lugar As Quintas nº 1.

LIC/2893/2004.- R&C 30 SLU.- Aprobar a modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 01.08.2005, segundo a documentación técnica elaborada polo arquitecto don José Antonio Hernando Ezquerra, presentada polo interesado na data 22/02/2012.

LIC/2425/2008.- JOSÉ ÁLVARO SOBRINO BALSAL.- Aprobar a modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de maio de 2009 segundo a documentación presentada na data 10.09.2015.

LIC/2079/2014.- LEONARDO GARCÍA GARCÍA Y ASUNCIÓN VIAÑO GARCÍA SC.- Conceder a legalización e obras accesorias de acondicionamento dun café-bar restaurante sito en rúa do Hórreo, 26.

PARCELACIÓNS/SEGREGACIÓNS

LIC/1420/2015.- MARIA DEL CARMEN OTERO GÓMEZ.- Conceder a licenza de segregación da parcela 99 do plano xeral de concentración parcelaria de San Pedro de Busto.

LIC/1759/2014.- DOLORES NIEVES NIEVES.- Conceder a licenza de segregación da parcela 194 da concentración parcelaria de Eixo – Marrozos.

LIC/1421/2015.- MARÍA CARMEN OTERO GÓMEZ.- Conceder a licenza de segregación previa agrupación das parcelas 700 e 701 do plano xeral de concentración parcelaria de Busto – Berdía.

RECURSO DE REPOSICIÓN

LIC/1213/2014.- NUMAX S COOP GALEGA.- Rexeitar o recurso de reposición interposto por D. José Blanco Fondevila e Dona Sofía Santos Pérez contra o acordo de 28/11/2014 da Xunta de Goberno Local pola que se outorga a licenza de obras de reforma de local para sala de cine e librería na rúa Concepción Arenal, 9 por canto as licenzas outórganse salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros consorte o artigo 12.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto de 17/06/1955.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/580/2015.- JOSÉ MANUEL OTERO ROMAR.- Acceder á devolución da fianza depositada con data de 02/04/2012 por importe de 1.500 € en garantía da licenza LAP/53/2010.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de renovación de forxado e cuberta nunha vivenda unifamiliar sita en Lugar As Quintas nº 1. LIC/1173/2015. Apróbase a licenza.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación da modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 01.08.2005, segundo a documentación técnica elaborada polo arquitecto don José Antonio Hernando Ezquerra, presentada polo interesado na data 22/02/2012. LIC/2893/2004. Apróbase a licenza

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación da modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 26 de maio de 2009 segundo a documentación presentada na data 10.09.2015. LIC/2425/2008. Apróbase a licenza

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de legalización e obras accesorias de acondicionamento dun café-bar restaurante sito en rúa do Hórreo, 26. LIC/2079/2014. Apróbase a licenza.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para segregación da parcela 99 do plano xeral de concentración parcelaria de San Pedro de Busto. LIC/1420/2015. Apróbase a licenza.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para segregación da parcela 194 da concentración parcelaria de Eixo - Marrozos. LIC/1759/2014. Apróbase a licenza.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para segregación previa agrupación das parcelas 700 e 701 do plano xeral de concentración parcelaria de Busto - Berdía. LIC/1421/2015. Apróbase a licenza.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a rexeitamento do recurso de reposición interposto por D. José Blanco Fondevila e Dona Sofía Santos Pérez contra o acordo de 28/11/2014 da Xunta de Goberno Local pola que se outorga a licenza de obras de reforma de local para sala de cine e librería na rúa Concepción Arenal, 9. LIC/1213/2014. Apróbase a licenza.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á devolución de fianza. Apróbase a proposta.

11.- Propostas do alcalde relativas á devolución de fianzas en materia de contratación. Apróbase a proposta.

12.- Recepción de obra. Apróbase o inicio dos trámites para a recepción das obras de Acceso á vía verde entre os parques de Bonaval e Almáciga: Ámbito II.

13.- Proposta do alcalde relativa á inclusión no Proxecto Urbana Santiago Norte da obra de reurbanización da rúa de San Pedro. Acórdase realizar os trámites necesarios ante o Ministerio de Facenda a efectos de incluír a obra de reurbanización da rúa de San Pedro (adxudicada pola Xunta de Goberno de 20 de xuño de 2013 e financiada con fondos propios do Concello) dentro da área temática Accesibilidade e Mobilidade do Proxecto Urbana Santiago Norte, a efectos de poder complementar as accións xa existentes na medida en que sexa necesario para certificar os 10.004,392 € do total de gasto subvencionable do proxecto. As obras de reurbanización do barrio de San Pedro cumpren os requisitos de subvencionabilidade desde o punto de vista da ubicación territorial, do procedemento de licitación utilizado, e máis da natureza da actuación e dos gastos que xenerou.

14.- Proposta do alcalde para dar conta da sinatura do convenio de colaboración coa Deputación para financiar o programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2015. Dáse conta da sinatura dese convenio, que supón unha achega da Deputación da Coruña de 140.000 euros. A contía equivale ao 79,9 % do orzamento de gastos de actividade a realizar polo Concello de Santiago nos centros socioculturais do rural durante o ano 2015.

15.- Proposta do alcalde para dar conta da sinatura do convenio de colaboración coa Deputación para financiar o Centro Sociocultural do Ensanche. Ano 2015. Dáse conta da sinatura dese convenio, que supón unha achega da Deputación da Coruña de 144.000 euros. A contía equivale ao 80 % do orzamento de gastos de actividade a realizar polo Concello de Santiago no centro sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2015.

16.- Proposta do alcalde relativa á determinación de proxectos financeiramente sostibles para a súa execución nos proxectos 2015-4-PROXE-28 e 2015-4-VIASP-30, en execución do acordo plenario de data 10 de abril de 2015. Acórdase incluír no proxecto de gastos 1015-4-PROXE-28, e por un importe global de 114.856,35 euros, as seguintes actuacións:
_Redacción do proxecto básico e de execución do acondicionamento dun sendeiro entre Alameda e Ponte Albar

_Redacción do proxecto e estudio de S.S. de aparcadoiro exterior na parcela do sanatorio psiquiátrico de Conxo
_Redacción do proxecto de mellora de accesibilidade na rúa de Triacastela
_Redacción de proxecto e estudo S.S. de acondicionamento de parcela de aparcadoiro exterior de acceso á rúa Altiboia.
_Redacción do proxecto de Ponte de Asén
_Redacción de modificación do proxecto de reurbanización da rúa dos Concheiros+
_At. De redacción de proxecto básico e de execución das obras de consolidación e reparación da Ponte Vella de Abaixo e de Vidán
_At. De redacción de proxecto de reparación, conservación e mantemento da rúa Teresa Jornet e anexas
_Honorarios de redacción de proxecto de reparación e acondicionamento de beirarrúas de Ponte do Sar e Cruceiro de Sar
_Honorarios de redacción con memoria valorada da senda peonil na Rúa do Tambre, no tramo Vía La Cierva-Vía Marconi
_Honorarios de redacción do proxecto de mellora da seguridade e estudo básico de seguridade e saúde no entorno de A Muíña

Acórdase tamén incluír no proxecto de gastos 2015-4-VIASP-30, por un importe de 351.200 euros, as seguintes actuacións:

_Mellora e pavimentación da rúa 25 de xullo
_Obras na rúa Domingo Fontán, renovación de beirarrúa e calzada
_Obras de accesos á vía verde entre os parques de Bonaval e Almáciga

17 a 62.- Propostas da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU-Plusvalía), no imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTN) e no imposto sobre bens inmobles (IBI). Apróbase a proposta

63.- Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativas ao rexeitamento de recursos de reposición. Apróbase a proposta

64.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao cambio de denominación social dunha empresa. Autorízase o cambio de denominación social de Acciona Aparcamientos S.L., para pasar a denominarse Movilidad y Aparcamientos S.L.U. Xa coa súa nova denominación, tómase coñecemento do proxecto de fusión de Movilidad y Aparcamientos S.L.U e de Acvil Aparcamientos S.L.

65.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á ampliación dos prazos de resolución e xustificación de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado. Ano 2015. Acórdase ampliar a data límite de xustificación das subvencións ata o luns 30 de novembro, o que supón unha ampliación de 7 días naturais.

66.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á resolución dos expedientes presentados na convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do deporte federado. Ano 2015. Apróbase a resolución e contías das subvencións para o fomento do deporte federado, por un valor total de 229.987,32 euros, e tendo como beneficiarias a un total de 57 entidades.

67.- Proposta da concelleira delegada de Deportes para dar conta dos criterios xerais empregados na reserva de ocupación das instalacións deportivas municipais para a tempada 2015/2016. Apróbase a proposta.

68.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa a xustificación do 1º prazo do Convenio asinado entre o Concello de Santiago e a SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA. Apróbase a proposta.

69.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte e Benestar Animal, relativa á corrección de erro no acordo número 2 da sesión de data 29 de setembro de 2015,

referente ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Refuxio de animais para o ano 2015. Apróbase a proposta.

70.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa á execución da encomenda de xestión a INCOLSA para a realización das actividades necesarias para levar a cabo o evento Womex 2016. Apróbase a execución levada a cabo en 2015 por INCOLSA da encomenda de xestión acordada pola Xunta de Goberno Local, con data 30 de marzo de 2015, para a realización das actividades materiais, técnicas ou de prestación de servizos necesarios para levar a cabo o evento Womex 2016, en concreto da xestión da contratación da cesión temporal da marca Womex 2016, The World Music Expo e o conseguinte contrato de patrocinio. Apróbase tamén o pagamento á sociedade municipal INCOLSA da cantidade de 110.000 euros para o financiamento da anualidade 2015 da devandita encomenda.

71.- Recoñecemento extraxudicial de créditos.

Apróbase o recoñecemento de créditos por diferentes servizos efectivamente prestados.

72.- Recoñecemento de obrigas ao abeiro do artigo 19.8 das bases de execución.

Apróbase o recoñecemento de varias obrigas.

73.- Reinicio dos traballos e recepción das Obras de Urbanización do SUNP-11 do Castiñeiriño. Autorízase o reinicio dos traballos e o inicio dos trámites para proceder á recepción das obras de urbanización do SUNP-11 do Castiñeiriño.

74.- Adxudicación do contrato de "Traballos de actualización do catastro sobre inmobles urbanos e inmobles rústicos con construcións". Apróbase a adxudicación do contrato á empresa EIBISA NORTE S.L, que oferta un importe de 42,5 euros por cada ben inmovible urbano ou por cada inmovible rústico con construcións existentes que se actualice (IVE incluído)

75.- Adxudicación do servizo de comedores escolares no Concello de Santiago de Compostela para os cursos escolares 2015-2016 e 2016-2017. Dáse conta do informe da xefa do servizo de contratación, relativo ao escrito presentado por parte da empresa Catering Perea Rojas S.L.U, no que comunican a retirada da súa oferta da licitación Servizo de Comedores Escolares no Concello de Santiago para os cursos escolares 2015-2016. O órgano de contratación pode recabar a documentación pertinente ao licitador seguinte pola orde na que quedarán clasificadas as ofertas.

76.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á prórroga do contrato de xestión da Escola Municipal de Música. Apróbase prorrogar o contrato da entidade TROBEIRO S.L, por un período dun ano que vai do 15 de novembro de 2015 ao 14 de novembro de 2016.

77.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á anulación dunha axuda MAPIS por mantención. Anúlase a axuda, por petición expresa do beneficiario

78.- Dar conta do informe de Intervención relativo á situación orzamentaria ao abeiro do artigo 3 das bases de execución do orzamento, terceiro trimestre do ano 2015, e informe complementario. Dáse conta.

URXENCIAS

1.- Execución da sentenza sobre o pagamento de indemnizacións a unha persoa afectada polo proxecto de reparcelación do SUNP-37 de Costa Vella

2.- Aprobación do proxecto de renovación de pavimentos da rúa Rapa da Folla, incluído no POS 2014 da Deputación da Coruña. Apróbase o proxecto, así como a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 37.434,22 euros, IVE a parte.